

PLAN DIXITAL



CPR Santa Juana de Lestonnac

[Versión 2.0 outubro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración
2. Situación de partida
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO
3. Plan de Acción
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
4. Avaliación do PD
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR Santa Juana de Lestonnac

Localidade: Ferrol, Barrio de Caranza

Etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no barrio de Caranza, na localidade de Ferrol. Actualmente Caranza ten aproximadamente 11.000 habitantes, e a maioría do noso alumnado procede do barrio, aínda que nos últimos tempos estase a diversificar a procedencia destes. O descenso demográfico de Ferrol (e en consecuencia do barrio) como resultado fundamentalmente da crise do sector naval é un factor que contribúe poderosamente a configurar a poboación do noso colexio.

Desde o punto de vista socioeconómico, considerado polo ISEC como baixo, a maioría das familias pertencen á clase obreira, algunhas delas presentan risco de exclusión social e/ou están desestruturadas. Existe ademais alumnado de diferentes etnias, culturas e países que enriquece a diversidade do alumnado.

O Plan Dixital favorecerá un maior desenvolvemento da competencia dixital de toda a comunidade educativa e terá que ser tido en conta polas diferentes áreas e grupos de traballo así como as Programacións Didácticas de cada materia.

A Programación Xeral Anual deberá facer referencia ao Plan Dixital e adaptar os obxectivos do plan de acción a esta Programación para exista unha boa coordinación entre os diferentes axentes e educativos para a súa correcta implementación.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital pretende ser un instrumento que contribúa a impulsar os medios dixitais do centro que permita aproveitar ao máximo as súas posibilidades integrando e implicando a toda a comunidade educativa. A xustificación legal ven reflectida na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O equipo TIC foi o encargado do proceso de elaboración do Plan Dixital. Durante o primeiro trimestre realizouse a enquisa SELFIE a todo o profesorado, Equipo Directivo e alumnado desde 4º curso de Primaria en diante.

No segundo trimestre realizouse ao profesorado a enquisa de Competencia Dixital Docente (CDD) a través da plataforma da Consellería de Educación FProfe.

No terceiro trimestre estableceuse o plan de acción e a redacción da primeira versión do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro está dotado cunha boa infraestrutura de equipamento dixital. Todo o centro está conectado con dúas redes de ADSL que dan servizo de conexión a Internet en todas as zonas do colexio mediante puntos de acceso Wi-Fi cableados. Desde o punto de vista da xestión dos servizos dixitais o centro dispón da plataforma de Google Workspace como plataforma de traballo colaborativo entre o equipo docente, de xestión de correo corporativo do persoal do centro e o alumnado e como plataforma de entorno virtual de aprendizaxe para o alumnado de infantil e primaria. Así mesmo, empréganse os servizos públicos da Consellería de Educación para a xestión da información administrativa e rexistro académico do alumnado, plataforma de comunicación coas familias e como entorno virtual de aprendizaxe a través do proxecto E-Dixgal para o alumnado da etapa de secundaria.

Todas as aulas de referencia para cada grupo das diferentes etapas contan con proxector e conexión Wi-Fi.

Todos os alumnos da etapa de secundaria contan cunha computadora portátil dentro do marco do programa Abalar.

Existe unha aula de informática cun total de 15 computadoras de sobremesa con capacidade suficiente para desenvolver actividades ofimáticas.

Existe un total de 20 tabletas para uso do profesorado e alumnado.

A xestión e mantemento dos equipos corre a cargo do equipo TIC do centro e, en ocasións, recórrase a soporte externo.

Os servizos dixitais cos que conta o centro son: páxina web, redes sociais (Instagram, Facebook, Youtube), aula virtual (Google Classroom para infantil e primaria e E-Dixgal para secundaria), espazo

Abalar para a comunicación coas familias, correo corporativo para alumnado e profesorado, rexistro das titorías a través da plataforma Educamos e blogs de aula, equipo de dinamización da lingua galega, de etapa de diferentes proxectos.

Enlaces:

Páxina web: <https://lestonnacferrol.org/index.php/gl/>

Plan de contingencia: <https://lestonnacferrol.org/index.php/gl/147-noticias-gl/fila4-gl/503-plan-de-contingencia>

Blog do proxecto LOVA: <https://lestonnacferrol.org/index.php/gl/148-noticias-gl/fila5-gl/328-blog-de-lova>

Blog de infantil: <http://www.lestonnacferrolinfantil.blogspot.com.es/>


Blog de Equipo de Dinamización Lingüística: <https://xavedes.wordpress.com/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE (siglas en inglés de «reflexión persoal sobre unha aprendizaxe efectiva mediante o fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas») é unha ferramenta deseñada para axudar aos centros educativos a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, a aprendizaxe e a avaliación do alumnado. Pode poñer de relevo que é o que funciona, en que aspectos se necesita mellorar e cales deberían de ser as prioridades.

SELFIE reúne, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo en que se utiliza a tecnoloxía no centro. Para iso utilízanse preguntas e enunciados breves e unha escala simple de valoración do 1 ao 5. Os enunciados abarcan ámbitos como o liderado, as infraestruturas, a formación do profesorado e as competencias dixitais do alumnado.


Participación por etapas: Primaria





Participación por etapas: Secundaria






Resultados por grupos e categorías: Primaria





Resultados por grupos e categorías: Secundaria





Codificación das preguntas do cuestionario SELFIE

- A1: Estratexia dixital
- A2: Desenvolvemento da estratexia cos profesores
- A3: Novas modalidades de ensinanza
- B1: Avaliación do progreso
- B2: Debate sobre o uso da tecnoloxía
- B3: Colaboracións
- C1: Infraestrutura
- C2: Dispositivos dixitais para a ensinanza
- C3: Acceso a Internet
- C5: Asistencia técnica
- C7: Protección de datos
- C8: Dispositivos dixitais para a aprendizaxe
- D1: Necesidades do DPC (Desenvolvemento Profesional Continuo)
- D2: Participación no DPC
- D3: Intercambio de experiencias
- E1: Recursos educativos en liña
- E2: Creación de contidos dixitais
- E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe
- E4: Comunicación coa comunidade educativa
- F1: Adaptación ás necesidades educativas de aprendizaxe
- F3: Fomento da creatividade
- F4: Inclusión do alumnado
- F5: Colaboración do alumnado

- F6: Proxectos interdisciplinares
- G1: Avaliación das capacidades
- G3: Retroalimentación adecuada
- G5: Autorreflexión sobre a aprendizaxe
- G7: Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo
- H1: Comportamento seguro
- H3: Comportamento responsable
- H5: Verificar a calidade da información
- H7: Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais
- H9: Creación de contidos dixitais
- H10: Aprender a comunicarse

Na seguinte táboa recóllense os resultados da enquisa SELFIE por áreas e grupos de participación do centro. As puntuacións son sobre un máximo de 5 puntos.

Áreas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Directivo	2	3.5
	Profesorado	3.8	3.6
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.3	3
	Profesorado	3.3	3.1
	Alumnado	3.7	3.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	2.8	3
	Profesorado	3.3	3
	Alumnado	3.8	3.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	2.7	3.3
	Profesorado	3.5	3.7
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.5	3.9
	Profesorado	4.2	4
	Alumnado		4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2.8	2.8
	Profesorado	3.3	3.4
	Alumnado	3.5	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2.5	2.6
	Profesorado	3.3	3.3
	Alumnado		3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.7	3.1
	Profesorado	3.1	3.5
	Alumnado	4	3.6

Enquisa CDD (Competencia Dixital Docente): Realizada a través da plataforma FProfe da Consellería de Educación, a enquisa CDD recada información de xeito anónimo sobre seis competencias dixitais entre o profesorado do centro: compromiso profesional, recursos dixitais, ensino e aprendizaxe, capacitación do alumnado e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.

Os resultados valoran o nivel competencial do seguinte xeito: A1 (principiante), A2 (explorador), B1 (integrador), B2 (experto), C1 (líder), C2 (pioneiro)

1.1 Participación do profesorado por etapas

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
Infantil	3	5	60 %
Primaria	13	17	76,5 %
ESO	13	17	76,5 %
Educación Especial	2	3	66,7 %

1.2 Participación segundo o perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	28	38	73.7 %
SUBSTITUTO	2	2	100 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,3	Integrador B1	76,4	Integrador B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	69	Integrador B1	68,2	Integrador B1
EP	80,6	Explorador A2	79,2	Integrador B1
ESO	61,8	Integrador B1	77	Integrador B1
EE	79,5	Integrador B1	72,2	Integrador B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,3 %
A2	14	46,7 %
B1	8	26,7 %
B2	5	16,7 %
C1	1	3,3 %
C2	1	3,3 %
TOTAL	30	100%

2.3. Análise DAFO

Tendo en conta os datos do apartado anterior. Realizouse unha táboa DAFO que sinala as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades utilizando como criterio para as fortalezas unha puntuación igual ou superior a 4/5 e para as debilidades unha puntuación igual ou inferior a 2,5/5

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	C3 Acceso a Internet
	PERSOAL DOCENTE	A3 Novas modalidades de ensino Discordancia E1 Recursos educativos en liña E4 Comunicación coa comunidade educativa	B1 Avaliación do progreso F6 Proxectos interdisciplinares (Discordancia) G6 Autorreflexión sobre a aprendizaxe
	OFERTA	A3 Novas modalidades de ensinanza	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		B1 avaliación do progreso
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	C3 Acceso a Internet

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incídese en obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Como consecuencia da análise DAFO establécese unha serie de obxectivos circunscritos ás diferentes áreas de mellora e que aparecen detalladas nas táboas do Plan de Acción. Os obxectivos están contextualizados ás áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg e son específicos, medibles, viables, relevantes e axustados a un marco temporal concreto.

Nas táboas aparece reflectido así mesmo:

- ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, unha temporización e determinar os recursos necesarios.

A mesma táboa servirá para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Os obxectivos que se pretenden acadar para o vindeiro curso son:

1. Creación de ferramentas dixitais de autoavaliación sobre o progreso do proceso de ensinanza
2. Mellorar a conexión wifi segura en tódalas zonas do centro con ancho de banda suficiente para todos os dispositivos de alumnado e profesorado
3. Elaboración dun proxecto interdisciplinar por etapa empregando ferramentas TIC
4. Emprego de rúbricas para coavaliación e autoavaliación
5. alumnado aprende a facer uso de ferramentas dixitais para a creación de contidos
6. Integrar actividades de aprendizaxe que permiten que o alumnado de secundaria respecte as regras e licencias de dereitos de autoría
7. Configurar dúas redes independentes para traballadores e alumnado e instalación dun firewall para mellorar a seguridade das conexións.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- A maior necesidade para o centro consiste na mellora da configuración da rede de conexión a Internet. Actualmente chega unha liña de fibra óptica de 1GB para proporcionar cobertura a toda a comunidade educativa. O aumento de ancho de banda e o cambio dos puntos de acceso mellorou notablemente o acceso a internet, mais cómpre instalar un firewall e a configuración segura das redes, especialmente do alumnado mediante a incorporación de controis parentais.

- Nalgunhas aulas cómpre renovar os **equipos de proxección** que non permiten unha adecuada visión do contido proxectado polo desgaste das lámpadas dos mesmos.



Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: B — Colaboración e redes						
• OBXECTIVO:	Creación de ferramentas dixitais de autoavaliación sobre o progreso do proceso de ensinanza				Acadado	
RESPONSABLE:	CCP e equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Uso de ferramentas dixitais de autoavaliación sobre o proceso de ensinanza					
Valor de partida	0 non hai ferramentas dixitais de autoavaliación sobre o proceso de ensinanza					
Valor previsto e data	2 o profesorado utiliza ferramentas dixitais de autoavaliación do proceso de ensinanza			Terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: deseño e elaboración de métodos de autoavaliación do proceso de ensinanza	CCP	1º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: adaptación dos métodos de autoavaliación ás ferramentas dixitais	CCP/TIC	2º trimestre	Google Workspace		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Reflexión e autoavaliación do proceso de de ensinanza	profesorado	3º trimestre	Google Workspace		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C — Infraestrutura e equipo						
OBXECTIVO:	Mellorar a conexión wifi segura en todas as zonas do centro con ancho de banda suficiente para todos os dispositivos de alumnado e profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	31 aulas con conexión wifi de alta velocidade. 2 conexións separadas para persoal do centro e alumnos. 6 postos de administración e servizos con conexión a internet.					
Valor de partida	1 Conexión de fibra de 1 GB con conectividade WIFI nalgunhas zonas do centro					
Valor previsto e data	3 Conexión fibra alta velocidade con conectividade en todas as aulas e espazos de uso común e postos de servizos e administración				Fin do curso 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO2.1: solicitude da conexión de cable de fibra coa empresa provedora de servizos	Dirección	Setembro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: configuración da rede WIFI en todas as aulas de referencia e administración	Equipo TIC/Dirección	1º e 2º trimestre	Cables de rede, repetidores WIFI, switchs, ferramentas, silicona térmica, parafusos e medios externos, firewall		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: instalación en configuración de rede WIFI noutros espazos comúns do centro	Equipo TIC	3º trimestre	Cables de rede, repetidores WIFI, switchs, ferramentas, silicona térmica, parafusos e medios externos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C — Infraestrutura e equipo						
OBXECTIVO:	Configurar dúas redes independentes para traballadores e alumnado e instalación dun firewall para mellorar a seguridade das conexións.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	31 aulas con conexión wifi de alta velocidade. 2 conexións separadas para persoal do centro e alumnos. 6 postos de administración e servizos con conexión a internet.					
Valor de partida	1 Conexión de fibra 1GB con conectividade WIFI nalgunhas zonas do centro					
Valor previsto e data	3 Creación de dúas redes independentes para traballadores e alumnado. Instalación dun firewall para establecer controis parentais na rede do alumnado				Fin do curso 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: solicitude da conexión de cable de fibra coa empresa provedora de servizos	Dirección	Setembro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: configuración da rede WIFI en todas as aulas de referencia e administración	Equipo TIC/Dirección	1º e 2º trimestre	Cables de rede, repetidores WIFI, switches, ferramentas, silicona térmica, parafusos e medios externos, firewall		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: instalación en configuración de rede WIFI noutros espazos comúns do centro	Equipo TIC	3º trimestre	Cables de rede, repetidores WIFI, switches, ferramentas, silicona térmica, parafusos e medios externos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F — Pedagogía: Implementación en el aula						
OBXECTIVO:	Elaboración dun proxecto interdisciplinar por etapa empregando ferramentas TIC				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de proxectos interdisciplinares					
Valor de partida	1 existen proxectos interdisciplinares de materia					
Valor previsto e data	3 elaboración dun proxecto interdisciplinar común por curso					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Establecer unha reunión de cada etapa para concretar un proxecto interdisciplinar por curso e incorporalo ás PD	Coordinador etapa	setembro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Diseñar os proxectos interdisciplinares para cada curso	Coordinador etapa/profesorado	1º			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Implementar os proxectos desde cada materia	Profesorado	2º y 3º	AV, dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Avaliar os proxectos interdisciplinares	Profesorado	3º	AV, dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: G – Prácticas de avaliación							
OBXECTIVO:	Emprego de rúbricas para coavaliación e autoavaliación				Acadado		
RESPONSABLE:	ED				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Emprego de rúbricas para avaliar tarefas a través formularios						
Valor de partida	0 non se empregan rúbricas na avaliación do alumnado						
Valor previsto e data	5 empréganse rúbricas en todos os cursos			Terceiro trimestre			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: Diseñar tarefas para realizar a través da AV	Equipos de ciclo/etapas	Primeiro trimestre	AV, dispositivo persoal			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Elaborar rúbricas que permitan a avaliación das tarefas	Equipos de ciclo/etapas	Segundo trimestre	AV, dispositivo persoal			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: Avaliar polo menos unha tarefa por área mediante as rúbricas propostas	Profesorado de materia	Terceiro trimestre	AV, dispositivo persoal do alumnado con conexión a rede			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO:	O alumnado aprende a facer uso de ferramentas dixitais para a creación de contidos				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actuacións secuenciadas relacionadas					
Valor de partida	0 artefactos dixitais e 0 titoriais por grupo					
Valor previsto e data	1 artefacto dixital por alumno e materia e un titorial por materia e grupo.			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Establecer unha reunión de cada etapa para repartir os artefactos dixitais entre profesorado e materia. Estas deberán quedar reflectidas nas PD	Coordinador de etapa	setembro		Acta cos acordos concretados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Formación do alumnado en ferramentas dixitais	Profesorado	1º Trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas dixitais e rúbricas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: obradoiros de creación de artefactos dixitais	Alumnado	2º Trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas dixitais e rúbricas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Elaboración de titoriais sobre ferramentas dixitais para uso do alumnado do centro	Alumnado	3º Trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas dixitais e rúbricas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H – Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO:	Integrar actividades de aprendizaxe que permiten que o alumnado de secundaria respecte as regras e licencias de dereitos de autoría.				Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades de aprendizaxe realizadas						
Valor de partida	0 actividades por curso académico						
Valor previsto e data	3 actividades por curso académico			Fin do curso 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Realización de actividades encamiñadas a coñecer as normas de propiedade intelectual e dereitos de autoría	Profesorado/alumnado	1º trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Modificación desas actividades con distinto tipo de autoría.	Profesorado/alumnado	2º trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Compartir unha desas actividades coa correspondente licenza e avaliación do cumprimento das normas de autoría da mesma.	Profesorado/alumnado	3º trimestre	Internet, aula virtual, ferramentas TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este plan será presentado e aprobado en claustro de profesorado e en Consello escolar. Así mesmo será publicado na páxina web oficial do centro <https://lestonnacferrol.org/index.php/gl/>